



CURSO DE FORMACIÓN PARA O PROFESORADO: ARTES ESCÉNICAS E DANZA. INTRODUCCIÓN A PRÁCTICAS, FERRAMENTAS E RECURSOS APLICADOS AO ENSINO

Imparten:

Pablo Reboleiro

Beatriz Alonso Pérez-Ávila

Sábados de xaneiro a maio

de 10h a 14h

27 de xaneiro, 3 de febreiro, 3 de marzo,

28 de abril e 26 de maio

Escola de danza Alfaia, Santiago de Compostela

**Esta actividade está en trámite de homologación pola
Consellería de Cultura, Educación e O.U. (8 horas)**

CONTIDOS

A nova lei educativa crea a materia específica para 4ºESO de Artes Escénicas e Danza, o que supón, por primeira vez na historia da educación en España, a posibilidade de integrar as Artes Escénicas e a Danza no ensino obrigatorio en todos os centros educativos galegos. Esta materia parte de que o alumnado debe comprender e interpretar partindo das distintas linguaxes escénicas, así como aproximarse á historia do teatro e da danza, e é o profesorado de música o responsable desta materia. Este obradoiro pretende ser unha ferramenta para axudar a programar e impartir Artes Escénicas e Danza de forma que se constrúa unha materia participativa e activa que contribúa á formación integral do alumnado. Por medio desta formación preténdese dotar ao profesorado de coñecementos para comezar a desenvolver un obradoiro de teatro, de expresión corporal e de danza, e tamén se proporán xogos de improvisación teatral. Por último, engadirase unha reflexión sobre os contidos teóricos e a relación dos mesmos cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.

A QUEN VAI DIRIXIDO

- Profesorado de Música de Educación Secundaria, Infantil e Primaria
- Profesorado de Conservatorios
- Profesionais ou afeccionados das artes escénicas e a danza
- Profesorado de Educación Física, Lingua Castelá e Literatura, Lingua e Literatura Galega.
- Calquera outra persoa amante das artes escénicas e da danza que queira desfrutar explorando o seu corpo, o movemento e a expresión corporal.

Polo seu enfoque pedagóxico, este curso de formación, pola súa duración, está máis orientado cara ao mundo da educación musical en secundaria e a todos os docentes interesados en impartir a materia de Artes Escénicas e Danza. Este é un obradoiro de iniciación; preténdese facilitar ferramentas ao profesorado dando unha visión globalizada da materia, de maneira que posteriormente o docente vexa cales son as súas carencias e poida formarse dun xeito específico, primando unhas áreas sobre outras. O curso pode realizarse completo, de forma que se certificaría o mesmo, ou ben realizarse soamente días soltos, co que non se podería optar á certificación do mesmo.

CONTIDOS A DISTRIBUIR NAS DISTINTAS SESIÓNS

- Organización das sesións de Artes Escénicas e Danza: Estrutura das clases: actividades de inicio, desenvolvemento e peche.
- Achegamento ao currículo: de onde partimos, a onde imos e que necesitamos.
- Exercicios de exploración corporal. O método Schinca de expresión corporal, proposta de actividades para a clase.
- O movemento corporal, as calidades do movemento e a súa aplicación práctica á clase de 4ºESO.
- Actividades de danza procedentes do método/achegamento Orff.
- Xogos de creación de personaxes
- Introducción ao clown
- Xogos de improvisación teatral: proposta de actividades de inicio e desenvolvemento para o alumnado.
- O obradoiro de teatro: propostas de montaxes teatrais con exemplos realizados noutros centros educativos.
- Proposta bibliográfica e de recursos educativos.

SOBRE OS RELATORES

Pablo Reboleiro é paiaso, actor, director escénico, músico e bailarín; ademais de licenciado en matemáticas e máster en educación secundaria, Pablo estudou a licenciatura de circo en The Circus Space, Londres. É membro fundador da compañía Pistacatro, Lusco e Fusco e participa en numerosas producións en todo o mundo, destacando a súa participación con The Chipolatas desde o ano 2013. Como docente ten impartido incontable formación en todo o mundo, traballando con profesionais das artes escénicas pero tamén con nenos e nenas, adolescentes e adultos amateur. É un dos máximos representantes do chamado “Novo circo galego”.

Beatriz Alonso é profesora de música no IES Afonso X O Sabio de Cambre, onde imparte a materia de Artes Escénicas e Danza, práctica da cal acaba de realizar a publicación en Eduga “A materia de Artes Escénicas e Danza. O traballo co corpo e as emocións”. Doutora en Musicoloxía, máster en Educación e TIC e licenciada en Historia e Ciencias da música e Violonchelo. Entre a súa formación pedagóxica en música e danza destaca a súa formación nos Institutos Dalcroze (Suiza), Orff (Austria) e Kodály (Hungría); está a realizar un posgrao en expresión corporal

Método Schinca (URJ) cos docentes Marta Schinca, Helena Ferrari, Rafael Ruiz, Ana Pérez e Paula Miguélez. Participa, xunto con outros compañeiros do seu instituto, no proxecto “Afonso a escena” desde hai cinco anos, que busca a potenciación das artes escénicas, música e danza no ensino secundario.

INSCRICIÓN E MATRÍCULA

Número de prazas: 25 por obradoiro

Cubriranse por rigorosa orde de inscrición (data e hora do xustificante de pago de matrícula)

Prezo da matrícula:

	Curso completo	Sábados soltos
Socios	70€	15€
Non Socios	90€	20€

Os matriculados en días soltos non poderán certificar o curso

Inscrición:

Realizar o pago no seguinte número de conta de Asomúsica:

ES55 3070 0038 6161 2242 6924

No **concepto** indicar: Nome e Apelidos + Obradoiro Artes Escénicas

Os días soltos poderán pagarse no mesmo obradoiro.

Enviar un mail á dirección: beatrizalonsoperezavila@gmail.com

Datos a adxuntar:

Nome e apelidos, DNI, email de contacto,

Xustificante de pago (de seren necesario)

Funcionario ou interino da Consellería de Educación

(a efectos de homologación)

Sí	<input type="checkbox"/>
----	--------------------------

Non	<input type="checkbox"/>
-----	--------------------------

Socio de Asomúsica

Sí	<input type="checkbox"/>
----	--------------------------

Non	<input type="checkbox"/>
-----	--------------------------

Esta actividade está en trámite de homologación pola Consellería de Cultura, Educación e O.U. (8 horas)